



MARÍA HESSE

Luns, 9 de decembro, ás 20:00h.

Salón de actos da Fundación Luis Seoane

María Hesse (Huelva, 1982) é diplomada en Maxisterio de Educación Primaria, especializada en Educación Especial pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Sevilla. Tras uns anos traballando como docente, matriculouse na Escola de Arte de San Telmo de Málaga, e desde entón dedícase profesionalmente á ilustración. Tras o éxito editorial que supuxo a publicación de **Frida Kahlo. Una biografía**, o seu primeiro álbum, traducido en catorce países e gañador do **Premio de la Fundación Nacional do Libro Infantil e Xuvenil de Brasil**, publicou **Bowie**, a biografía do músico, que sería traducido a oito linguas. **El Placer** é o seu último libro, o máis persoal de todos.

EL PLACER (Lumen, 2019)

En *El placer* (Lumen, 2019), a autora cóntanos como foi o seu propio camiño cara o despertar sexual, unha senda tortuosa sementada de culpa, vergoña e descoñecemento, que tivo que sortear grazas a unha insaciable curiosidade e ao sabio exemplo de mulleres que souberon explorar o misterio e o poder da sensualidade, enfrontarse aos prexuízos da súa época, dar un nome ao que carecía del, e achandar e iluminar a ruta do pracer para que outras a percorreran máis lixeiras. Mulleres de carne e óso ou de ficción, como Lilith, María Magdalena, Safo, Eve Ensler, Colette, Anaïs Nin, Simone de Beauvoir, Anne Sexton, Mata Hari, Betty Dodson, Marilyn Monroe, Erika Lust ou mesmo Daenerys Targaryen, grazas ás que Hesse trazou ou seu propio mapa do pracer feminino. (fonte: Lumen, 2019)



Somos o que
LEMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR AFORO